

dereito de sufraxio o día das eleccións, disporá, no seu horario laboral, de ata catro horas libres para que poida formular persoalmente a solicitude de certificación acreditativa da súa inscrición no censo, que se recolle no artigo 72 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como para a remisión do voto por correo.

Segundo.

1. O persoal nomeado presidente ou vogal de meses electorais, e os que acrediten a súa condición de interventores, teñen dereito, durante o día da votación, a un permiso retribuído de xornada completa se non desfrutan en tal data de descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

2. Os que acrediten a súa condición de apoderados teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non desfrutan nese día de descanso semanal.

Terceiro.

O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que se presente como candidato ás eleccións que se celebrarán o vindeiro 27 de maio poderá ser dispensado, logo de solicitude do interesado, da prestación do servizo nas súas respectivas unidades durante a campaña electoral, que terán lugar entre o 11 de maio e o 25 de maio do ano en curso, ambos os dous incluídos. A competencia para a concesión do referido permiso corresponderalle ao secretario xeral de cada consellería.

Cuarto.

Os directores ou xefes de persoal das dependencias onde presta os seus servizos o persoal afectado por esta orde exixiranlles ao mencionado persoal os oportunos xustificantes expedidos polas mesas electorais de que foi exercido o seu dereito ao voto.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2007.

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de abril de 2007 pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á educación para o curso 2007-2008 e se aproban as súas bases de concesión.

A competencia dixital é unha das básicas ou clave para a aprendizaxe ao longo da vida, xa que é unha das que forman a base para o desenvolvemento e utilización do resto das competencias definidas e consideradas pola Unión Europea como aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

O uso das tecnoloxías dixitais con fins educativos abre novas dimensións e posibilidades nos procesos de ensino e aprendizaxe, dado que estas ofertan unha gran cantidade de información interconectada para que o usuario a manipule e permiten unha maior individualización e flexibilización no proceso educativo, adecuándoo ás necesidades particulares de cada individuo. Así mesmo, representan e transmiten información a través de múltiples formas expresivas e motivadoras, axudan a superar as limitacións temporais e as distancias xeográficas entre docentes e alumnado e, deste xeito, facilitan que se estenda a formación alén das formas tradicionais do ensino presencial. Por outra banda, é importante considerar outra faceta das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como elementos que facilitan a comunicación a través dunhas ferramentas de doado uso, o cal as converte en especialmente útiles para o alumnado, para o profesorado e tamén para as familias e outros axentes da comunidade educativa.

Esta orde, que regula a convocatoria de axudas para a realización de proxectos de innovación para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á educación, recolle a política da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para favorecer o acceso ás devanditas tecnoloxías e o apoio ao desenvolvemento docente que demanda novos perfís profesionais que supoñen un desafío constante e crecente cara ao concepto da aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Por todo iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

Esta orde ten por obxecto convocar axudas para a realización de dez proxectos de innovación educativa, que se desenvolverán no curso 2007-2008, para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación ao proceso educativo, e regular o procedemento para a súa selección.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán participar na convocatoria os centros públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 3º.-Dotación.

Os centros que resulten seleccionados neste ámbito recibirán da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes apoios:

-Un paquete multimedia composto por un encerado dixital interactivo, un proxeutor e seis ordenadores portátiles, como máximo, que se enviará no primeiro trimestre do curso académico 2007-2008.

-Dotación económica de ata un máximo de 2.000 € para a posta en marcha do proxecto.

-Asesoramento para o profesorado do centro para un mellor aproveitamento dos recursos informáticos e para a súa incorporación á docencia.

-Os centros de formación e recursos proporcionarlles aos centros docentes apoio e asesoramento, tanto para a elaboración dos seus proxectos como para o seu desenvolvemento.

-Acceso ao espazo web http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic/ para facilitar a creación e organización de materiais e recursos educativos por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.

-A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos a través do portal galego de contidos educativos <http://www.edu.xunta.es/contidos>.

Artigo 4º.-Solicitudes e prazo de presentación.

Á solicitude, segundo o modelo de instancia que figura como anexo I a esta orde, deberá xuntárselle a documentación que se relaciona a continuación.

-Certificado do centro en que conste a presentación do proxecto ante o claustro e o consello escolar, citando en ambos os casos a data de presentación.

-O proxecto, cunha extensión máxima de 33.000 caracteres (espazos incluídos), do que se presentará unha copia en papel e outra copia en soporte óptico para PC compatible, en formato de Open Office, Abiword, Microsoft Word, Corel Wordperfect ou en formato RTF, con texto e imaxes separados.

As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e a forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro). Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida selala e facer constar a data antes de proceder á súa certificación postal.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación. En caso contrario, requírase do solicitante que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e os datos que deben achegarse, e advertiráselle que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición e esta será arquivada, nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir-lles ás persoas solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para cubrir o expediente e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Artigo 5º.-Estrutura e características do proxecto e requisitos do centro.

Cando menos, os proxectos deberán recoller os seguintes aspectos:

-Xustificación do proxecto. Esta realizarase a partir da análise que avale a aplicación das TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe.

-Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar.

-Desenvolvemento do proxecto en que se reflicta a proposta metodolóxica e de actividades, os contidos que se van desenvolver e a avaliación, para cada unha das áreas de coñecemento ou materias ás que o proxecto faga referencia.

-O tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como as medidas para promover a súa utilización en igualdade de condicións por parte dos diferentes sexos; o fomento dos valores democráticos e a potenciación do uso da biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe.

-A utilización dos recursos TIC existentes no centro en beneficio do proxecto.

-A organización dos espazos do centro. A devandita organización, ademais, poderá recoller, se é o caso, a mobilidade do alumnado ou dos equipamentos portátiles e a posibilidade de que existan aulas para actividades que non requiran o uso do ordenador.

-Previsión das modificacións que deberán realizarse no plan anual para o desenvolvemento deste proxecto.

-Plan de avaliación.

-Plan de formación do profesorado para a óptima execución do proxecto.

-Medidas que se pensan tomar para difundir o proxecto entre o alumnado, familias e comunidade, para fomentar a súa participación e o aproveitamento das TIC.

Características dos proxectos:

-Os proxectos presentados poderán recoller a integración das TIC na práctica docente segundo diferentes modelos de organización. Estes modelos poderanse introducir en todas ou nalgúns das aulas dos ciclos ou niveis en que se pense aplicar o proxecto.

-A dita organización, que deberá estar integrada no desenvolvemento curricular do centro, garantirá que todo o alumnado se beneficie do proxecto de maneira que non exista discriminación no uso das TIC entre o alumnado dun mesmo nivel educativo.

-Os distintos modelos organizativos poderán ser: recantos de traballo, grupos de traballo e/ou traballo simultáneo en toda a aula. Estas modalidades de organización das aulas non son excluíntes e cada centro poderá optar no seu proxecto pola que considere máis axeitada.

Requisitos. Os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Presentar un proxecto educativo que implique o maior número posible de alumnado do centro.

-Presentación do proxecto ante o claustro e ante o consello escolar.

-Contar co compromiso dunha porcentaxe significativa do profesorado do centro para desenvolver o proxecto e para realizar as actividades de formación que se consideren necesarias para levalo a cabo.

-Favorecer o traballo en rede, xa que os centros que resulten seleccionados nesta convocatoria pasarán a formar parte da Rede TIC 2007/2008, que se constituirá formalmente nunhas xornadas informativas que terán lugar antes do inicio dos proxectos, no primeiro trimestre do curso académico 2007/2008.

Artigo 6º.-Coordinación dos proxectos TIC.

Ao comezo do curso escolar, a dirección do centro designará a persoa coordinadora do proxecto de tecnoloxías da información e da comunicación entre as persoas integrantes do claustro, preferentemente con destino definitivo no centro, coa finalidade de garantir a súa continuidade en cursos sucesivos, que estean involucrados activamente no proxecto. A designación terá efecto para o curso escolar e coa asignación de horas, dentro do seu horario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado.

As funcións do coordinador ou coordinadora do proxecto TIC son:

-Asesorar o profesorado do centro durante o desenvolvemento do proxecto.

-Establecer canles para a difusión da experiencia e o intercambio de información entre a comunidade educativa e con outros centros.

-Impulsar actuacións tendentes á ampliación e mellora do proxecto.

-Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles na internet e no espazo web do centro.

-Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado do centro e a súa difusión a toda a comunidade educativa.

-Administrar as ferramentas educativas e facilitar a súa utilización polo profesorado.

-Actuar de enlace entre o centro educativo e o equipo de contidos educativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como co Centro de Formación e Recursos do seu ámbito.

-Administrar a actualizar o espazo web do centro e coordinar o seu funcionamento.

Artigo 7º.-Comisión e criterios de selección dos proxectos.

Comisión de selección. Para a selección dos proxectos que concorran á convocatoria crearase unha comisión de selección, que estará presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

-A subdirectora xeral de Ordenación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-O subdirector xeral de Sistemas da Información, ou persoa en quen delegue.

-A xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-Un asesor ou asesora TIC dos centros de formación e recursos.

-Dúas persoas asesoras do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

-Unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coiden pertinentes, que poderá estar integrada por asesores e asesoras de innovación educativa especialistas en TIC.

Criterios de valoración.

Valoraranse as solicitudes atendendo aos seguintes criterios:

a) Interese educativo do proxecto.

-O seu carácter innovador e a súa integración no proxecto curricular de centro.

-Os obxectivos que persegue, a proposta metodolóxica e a elaboración de actividades, o tratamento dos contidos que se van desenvolver e o sistema de seguimento e avaliación; é dicir, o carácter pedagóxico do proxecto antes que o tecnolóxico.

-A coherencia do proxecto coa proposta de organización e dotación de espazos e de aulas no proxecto educativo do centro.

-O acceso en igualdade de condicións e o fomento de valores democráticos. O proxecto non pode supoñer ningunha discriminación e debe asegurar que todo o alumnado teña acceso ás TIC. Valoraranse as propostas de tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as medidas para fomentar a súa utilización en igualdade de condicións por parte dos diferentes sexos.

-A proposta de medidas realizada para a participación da comunidade educativa, con especial atención ao plan de acción tutorial suscitado.

b) A viabilidade do proxecto:

-A experiencia previa na participación e desenvolvemento de proxectos de innovación e/ou formación e a experiencia en TIC por parte do centro e dos participantes.

-O grao de compromiso do centro e da comunidade educativa no desenvolvemento do seu proxecto educativo e a súa implicación na mellora das prácticas escolares, como garantía para a extensión e continuidade do proxecto.

-O compromiso do profesorado coa formación no uso das TIC e coa realización de actuacións de formación que se realizarán durante o desenvolvemento do proxecto.

-Utilización dos equipamentos informáticos dispoñibles con anterioridade no centro, de maneira que permitan aproveitar os recursos existentes en beneficio do proxecto ou para a súa extensión a outros niveis ou tarefas.

-Garantía de continuidade do proxecto, atendendo ao compromiso do claustro para levalo a cabo, á súa estabilidade e á proposta de seguimento e desenvolvemento deste.

-A medición da satisfacción e mecanismos de incorporación de suxestións dos participantes.

Artigo 8º.-Resolución.

A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta provisional de resolución, que incluírá aqueles proxectos que mellor se adecuen ás bases da convocatoria, indican-

do as cantidades asignadas e a dotación a cada centro, segundo se recolle no punto terceiro desta orde.

Coa finalidade de verificar as condicións e a idoneidade dos centros preseleccionados, a comisión de selección poderá requirir informes dos centros de formación e recursos do seu ámbito de influencia e, se é o caso, estes poderán ser visitados polos membros da subcomisión técnica designada para o efecto.

A proposta provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, na epígrafe da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, na sección Convocatorias, no prazo dun mes contado desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A partir do día seguinte ao desta publicación de proposta abrirase un prazo de dez días naturais co fin de que se poidan presentar cantas alegacións se consideren oportunas. No mesmo prazo poderá renunciarse á participación nos proxectos TIC. Unha vez revisadas as reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva á conselleira para a resolución que proceda.

A resolución, que incluíra os centros seleccionados, ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de catro meses contados desde a publicación desta convocatoria. De non facerse así, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 9º.-Pagamento.

As cantidades asignadas por este plan seranlles transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2007, e con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.423A.640.1 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 10º.-Xustificación económica e memoria.

Antes do 30 de xuño de 2008 os centros seleccionados deberán remitirle á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a xustificación do gasto da dotación económica, consistente na certificación da súa aprobación polo consello escolar.

Así mesmo, a persoa coordinadora dos proxectos TIC, co visto e prace da dirección do centro, elaborará unha memoria das accións levadas a cabo para a posta en marcha do proxecto, que se enviará no prazo arriba indicado e se incluíra, ademais, na memoria final do curso que se remite á Inspección. Para a súa elaboración ateranse aos requisitos establecidos no Manual de publicación web, que atoparán no portal de contidos educativos, no enderezo http://contidos.edu.xunta.es/guia_boas_practicas. Esta memoria deberá observar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, as actividades desenvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa, as actividades de formación, a produción de materiais, a avaliación realizada e as previsións de futuro. A non-entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, polo que o centro tería que reintegrar a cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da dotación material e/ou da contía do importe concedido.

Artigo 11º.-Asesoramento e seguimento.

Os centros de formación e recursos (CFR), sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras institucións ou organismos, ofrecerán apoio e asesoramento, tanto na fase de elaboración dos proxectos como na do seu desenvolvemento.

O inspector ou inspectora responsable do centro educativo terá coñecemento do desenvolvemento do proxecto a través da información que lle proporcione o director ou directora do centro.

Artigo 12º.-Avaliación e seguimento.

Con independencia do exposto no artigo anterior, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa levará a cabo o seguimento e a avaliación dos proxectos co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados logrados.

Artigo 13º.-Recoñecemento da participación.

A participación do profesorado implicado no proxecto acreditarase a través da certificación en calidade de coordinador/a ou membro, segundo corresponda, no proxecto de innovación educativa cunha duración de 50 horas. Así mesmo, expediráselle unha certificación de participación ao centro.

Artigo 14º.-Difusión das experiencias e materiais elaborados.

Os centros participantes comprométese a colaborar nas accións de difusión de mellores prácticas educativas que se organicen e prestarán a súa autorización para a publicación, se é o caso, das memorias ás que se refire a disposición décima desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Recursos.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo competente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o establecido nos artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; ou, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto nos artigos 107.1º, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delegación de competencias.

Deléganse na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa as competencias para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do disposto nesta orde.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



PROCEDEMENTO PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A INCORPORACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC) Á EDUCACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED520B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN		CÓDIGO	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	INFORMACIÓN AO CLAUSTRO E AO CONSELLO ESCOLAR <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		TOTAL UNIDADES DO CENTRO
ALUMNADO DO CENTRO: NÚMERO E % DO ALUMNADO IMPLICADO NO PROXECTO		PROFESORADO DO CENTRO: NÚMERO E % DO PROFESORADO IMPLICADO NO PROXECTO	
NÚMERO DE CONTA: (20 DÍXITOS)			

DATOS DO PROFESORADO*

COORDINACIÓN APELIDO 1	COORDINACIÓN APELIDO 2	COORDINACIÓN NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL

*Se houbese máis profesorado implicado, pódense xuntar copias para incluír a relación completa.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 25 de abril de 2007 pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á educación para o curso 2007-2008 e se aproban as súas bases de concesión.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
FIRMA DO/A SOLICITANTE Lugar e data _____, de _____ de 2007		